

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE XULLO DE

2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de xullo de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Proposta para asumir o concello a execución da obra “nova instalación de rego no campo de fútbol municipal da Barcala”

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 23 de xullo de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 29 de xullo actual.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo con esta mellora, aínda que pensan que xa se debería ter previsto cando se fixo o outro investimento en rego.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que o seu grupo tamén vai votar a prol, pero que tiñan que evitar que se dilapide así o diñeiro, case que 59.000 € Di que en menos dun ano déronse conta de que as infraestruturas que se fixeron, no rego e no valado, non sirven para nada, e que hai que facer unha nova obra. Hai que evitar desperdiciar unha morea de diñeiro que podería ser investido noutras necesidades do concello.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que como xa manifestaron na comisión informativa é unha mágoa que haxa que repetir un investimento que está feito hai menos dun ano, pero que dado que é necesario para a nova infraestrutura que se pretende montar alí, o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que tamén vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada redactada polo enxeñeiro técnico municipal para unha nova instalación do rego no campo de fútbol municipal da Barcala por un importe total de 32.154,49 € co compromiso de que a citada obra será contratada e executada polo concello simultaneamente á execución da obra “céspede artificial e equipamentos no campo municipal da Barcala” incluída na 2^a fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, segundo circular da Deputación Provincial rexistrada de entrada ao núm. 8483 o 3 de xullo actual.

Segundo: Que o concello se compromete a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito suficiente para o financiamento da obra de referencia.

2º Proposta de aprobación de escudo e bandeira municipais

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 23 de xullo de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 29 de xullo actual.

Concedida a palabra a dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, di que o seu grupo vai manter o voto favorable emitido na comisión informativa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que tamén o seu grupo vai votar a prol, sobre todo porque a proposta de cor branca para a bandeira é a que eles fixeron.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo lamenta ter que manter a mesma posición que xa amosaron na comisión informativa, absterse neste asunto. Pensan que Cambre non está neste momento para manter unha discusión sobre símbolos, iso é algo que agora non lle preocupa a ninguén no concello. É un tema que pode ter a súa importancia dentro das cuestións simbólicas e protocolarias, pero teríase que ter buscado o momento político máis adecuado, cando outros grandes problemas estiveran xa resoltos.

Continúa dicindo que xa durante unha reunión da comisión informativa fixeron a proposta de deixar o asunto sobre a mesa á espera dun mellor momento para tratalo, cos traballos e o ditame feitos, pero agardando ese mellor momento. Esa proposta non foi aceptada polo resto dos grupos e, polo tanto, di que o seu grupo vaise abster na votación.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, solicita que se amose ao público a bandeira e escudo escollidos, e a secretaria da corporación así o fai.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os catro concelleiros do BNG.

A corporación, por dezasete votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros que a compoñen, esixida polo artigo 47.2 e) da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de novembro, acordou:

Primeiro: Aprobar o escudo e bandeira municipais segundo se describe a continuación:

- *Proposta de escudo:* En campo de azur un piñeiro da súa cor terrasado de sinople, todo perfilado de prata, acostado de dúas vieiras de prata. Ao timbre coroa real pechada.

- *Proposta de bandeira:* En pano de prata, no centro un piñeiro froitado da súa cor e xunto ao tronco unha cuncha de vieira perfilada de azul a cada lado.

Segundo: Expoñer o expediente ao público durante un mes, mediante anuncios publicados no DOG e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de presentación de alegacións, no seu caso, que serán resoltas polo pleno da corporación.

Terceiro: No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo adoptado, e remitirase o expediente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, iso de conformidade co establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e Decreto 369/1998, de 10 de decembro, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, polo que se regula a composición e funcións da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia.

3º Mocións

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a moción presentada polo grupo municipal do PP.

Antes de dar lectura á moción, don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o título correcto da moción presentada é “Moción do grupo municipal popular para a mellora da obra pública en Cambre”.

A) Moción do grupo municipal popular para a mellora da obra pública en Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 9643 o día 28 de xullo de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“O 13 de novembro de 2007 unha retroexcavadora perforaba a tubaxe do gas na Costa da Tapia, á altura da rúa Teresa Herrera. A consecuencia deste accidente a principal vía da parroquia tivo que estar pechada varias horas ata que as válvulas puideron ser pechadas. Dous meses despois, o 11 de xaneiro, durante as obras de instalación dun dos transformadores eléctricos na parroquia do Graxal, produciuse un novo escape de gas, esta vez no Paseo Marítimo e nas proximidades dun edificio habitado. Nesta ocasión unha chispa provocou que o gas se incendiara polo que todos os veciños do edificio tiveron que ser evacuados. Durante máis de tres horas os membros de seguridade do noso concello estiveron buscando a chave de paso para cortar o gas e unha vez que a atoparon non puideron pechala por non dispoñer dunha chave para facelo.

O pasado 16 de xullo deste ano os feitos volveron a repetirse, desgraciadamente para todos os veciños. Nesta ocasión a fortuna fixo que non se producira outro incendio que tería provocado un risco aínda maior do que se produciu, pero aínda así a sensación de alarma entre o vecindario foi moi importante. A sensación, tanto do noso grupo como dos veciños da zona é dun total desgoverno. Os veciños non se explican como é posible que o equipo de goberno deste concello non dispoña neste momento e despois dos accidentes que acabamos de relatar dun plano fiable da rede de subministración de gas.

Pero a situación de caos na que se atopan as obras no noso municipio non se acaban nestes feitos, aínda que puntuais tamén de extrema gravidade. A instalación dos transformadores eléctricos continúa hoxe sen resolverse despois de case un ano; as sendas peonís en Sigrás e Pravio aínda non se terminaron despois dun ano e medio; as obras da Costa da Tapia tivéronse que modificar en varias ocasións por culpa da desinformación deste equipo de goberno e xa duran máis dun ano; e agora preténdense levar a cabo unhas obras para a renovación do saneamento no Graxal, polas que haberá que perforar outra vez a Costa da Tapia a unha profundidade de máis de seis metros, precisamente por unha zona moi próxima ao lugar no que se produciron dous dos escapes de gas, cando aínda este concello non dispón dos planos que garanticen que por ese lugar non pasa ningunha tubaxe que poida ser perforada.

O noso grupo pediu en reiteradas ocasións que se creara un Plan de emerxencias municipal que nos permita saber reaccionar ante estes feitos e que, entre outras situacións e como pasou nesta ocasión, que non nos faga depender dun responsable dunha empresa privada para poder pechar unha chave de paso que transcorre por unha vía pública. Pero todas estas demandas desoíronse por unha responsable das obras que pecou de prepotencia e de falta de

humildade. Por estes motivos temos solicitado publicamente ao alcalde deste concello que a cese, porque non é capaz de asumir os seus erros e a sensación que está provocando entre os nosos veciños é de gran desasosego.

Pero independentemente desta medida, que entendemos que é necesaria, hai outras decisións que se deben adoptar con urxencia e que son consecuencia deste desgobierno no que se atopan as obras do noso municipio. Ante estes feitos, os concelleiros do Partido Popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción os seguintes acordos:

Primeiro: Instar ao equipo de goberno a que paralice todas as obras que se estean executando na actualidade na parroquia do Graxal ata que non dispoñamos dun plano que nos permita coñecer con exactitude por onde transcorre a rede de subministración de gas.

Segundo: Crear unha comisión informativa de seguimento das obras do municipio, que se reunirá en sesión constitutiva durante o próximo mes de agosto e na que se dará conta polo responsable municipal de obras e servizos do estado actual da cada unha delas.

Terceiro: Instar ao equipo de goberno a que desenvolva con urxencia un Plan de emerxencias municipal.

Cuarto: Instar ao equipo de goberno a que requira a todas as administracións públicas que realicen obras no noso municipio que acrediten que estas se adecúan ao proxecto a través dunha empresa de Organismo de Control Autorizado (OCA).”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o agradecemento do seu grupo ao Partido Popular, xa que esta moción é unha chamada de atención a todos en canto ao funcionamento das obras no municipio, tanto obras municipais como obras doutras administracións.

Continúa dicindo que é indudable que hai erros, aínda que pensa que os máis graves non corresponden á administración municipal, senón que en moitas ocasións corresponden ás outras administracións ou aos concesionarios, como foi o caso de Fenosa. Que no concello non figuren os planos reais dunha concesión que outorga a Xunta de Galicia a través da Consellería de Industria, non se pode achacar ao concello, xa que formalmente están entregados cunhas determinacións técnicas determinadas que o concello non ten porque poñer en dúbida, agás agora que xa se produciron os feitos e se detectou o erro. A situación

xa se puxo de manifesto tanto ante a Consellería de Industria como ante a empresa concesionaria.

Explica que o concello non depende de ningún responsable de ningunha empresa privada, xa que as concesionarias de obras e servizos públicos teñen a mesma categoría administrativa que a propia Administración. Tampouco poden admitir dentro das afirmacións da exposición de motivos que un responsable político do concello teña a culpa dos problemas anteriormente citados. Si que se acepta como unha chamada de atención para poñer o máximo interese no desenvolvemento e vixilancia das obras por parte dos técnicos municipais.

Continúa dicindo que, en canto aos acordos propostos, non están de acordo co primeiro, xa que lles parece unha irresponsabilidade paralizar unhas obras, que á marxe das molestias que todas as obras ocasionan aos veciños, e á marxe dos problemas que xurdiron, son obras que ao final serán positivas para todos. Por isto non están de acordo coa petición de paralización.

En canto á creación dunha comisión informativa de seguimento entenden que a Comisión Informativa ordinaria de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos, é suficiente para tratar estes temas, e que non se debe recargar máis a acción de traballo dos técnicos e dos propios concelleiros.

En canto á elaboración urxente dun plan de emerxencias municipal, están de acordo en que se poida contratar cunha asistencia técnica no momento en que os orzamentos municipais o permitan. Neste sentido lembra que houbo unha moción do BNG que se aprobou o 31 de xaneiro, que trataba todos estes temas e que foi aprobada por unanimidade, e que dende o grupo de goberno estase intentando xestionar coas diferentes entidades públicas e concesionarias a súa posta en marcha e a súa execución, e que seguirán insistindo no cumprimento desa moción aprobada por unanimidade.

Por último, respecto do punto cuarto, están de acordo con esa petición.

Conclúe dicindo que, por tanto, o grupo de goberno non está de acordo con parte da exposición de motivos e parte dos acordos propostos, e propón que se modifique no sentido de que sexa a Comisión Informativa ordinaria de Ordenación do Territorio a encargada do seguimento deste asunto.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que o peor deste asunto é que é un tema reiterativo, e que nestes últimos meses o seu propio grupo xa o ten traído ao pleno, incluso noutro apartado desta mesma sesión, eles tamén tiñan unha iniciativa sobre o tema.

Di que están basicamente de acordo coa parte expositiva, coa salvidade de que non existe unha décimo terceira parroquia en Cambre. Di isto porque nun par de sitios, supón que por despiste, fálase da parroquia do Graxal, cando o nome da parroquia é O Temple. O Graxal é unha zona moi concreta desa parroquia onde se produciron as cousas.

Continúa dicindo que pensa que o problema destas obras é que son obras absolutamente necesarias, que se viñan reclamando hai moitísimos anos e que acaban sendo odiosas para a xente que as soporta polo mal xestionadas que están. En moitas ocasións fixeron un chamamento ao goberno para que actuase, dentro da responsabilidade que ten, para aminorar os problemas que están causando, e sobretodo cando os problemas que causan son do tipo que pode orixinar accidentes con perigo para as persoas. Por iso en xaneiro presentaron unha moción, para darlle ideas ao goberno sobre o que tiñan que facer. Esa proposta foi aprobada unánimemente por todos, gustaríalle saber o punto de execución en que están aqueles acordos, non dubidan de que se estean levando a cabo, pero non teñen información.

Explica que o seu grupo, dentro da súa responsabilidade, falou coa Consellería de Industria, e confirmáronlles que o expediente daquel momento está aberto, tramitado e pendente de resolución, que lamentaban o tempo que pasou, polos trámites burocráticos necesarios, e que teñen un novo expediente aberto de oficio polo incidente que houbo este día na rúa Polígono. Eles son os que teñen que controlar a responsabilidade das empresas, pero o que o seu grupo pide, unha vez máis, é que o goberno actúe, que tome todas as medidas que estean nas súas mans, que pensa que son bastantes, para tranquilizar á xente e asegurar que non haxa problemas graves, sobre todo para a integridade das persoas e dos bens.

Continúa dicindo que, respecto dos puntos que se propoñen, hai unha proposta de paralización que tamén o seu grupo fixo cando se produciron os accidentes, pero que tamén entenden que a decisión de paralizar ou non, quen a debe de tomar é o goberno con base no que os técnicos digan que hai que facer. Pensa que o goberno sería irresponsable se manda continuar as obras cando hai técnicos que din que non están seguros de cales son as circunstancias. O BNG pediu a paralización cando se produciron os accidentes, o que lle pareceu unha medida lóxica, e supoñen que se o goberno municipal, o Sr. alcalde e a Sra.

concelleira dan instrucións para que continúen, é porque teñen a seguridade de que todo está xa controlado.

En canto á proposta de crear unha comisión informativa especial, di que se todos os grupos están de acordo en creala e se lles convoca, eles van vir realizar o seu traballo, pero o mesmo farán se se convoca a comisión ordinaria que xa está creada. O que lles parece ben é que se trate o tema e que se dean explicacións de todo o que se está a facer, sexa nun sitio ou noutro.

Están de acordo co plan de emerxencias municipal, non é a primeira vez que o falan, de feito na moción que o BNG presentou en xaneiro parte ía tamén nese sentido con referencia ás instalacións de gas.

Respecto do cuarto punto entende a filosofía que se está proponendo, pero non sabe se será un erro cando se fala de instar ao equipo de goberno a que requira a todas as administracións públicas que realicen obras no noso municipio, porque precisamente todas as obras nas que se produciron accidentes, agás unha na Tapia, non son administracións públicas, en todo caso a do Temple é unha obra municipal. Cando se produciu o incendio no paseo marítimo do Temple non foi ningunha administración pública, foi Fenosa a través dunha subcontrata, polo tanto unha empresa privada, e supoñen que con todas as autorizacións, iso verase no expediente de Industria. En todo caso, no que están totalmente de acordo é en que se lles pida a todos os que fagan obras deste tipo ese procedemento de control a través dunha empresa homologada.

Conclúe dicindo que facendo esas matizacións poderían acadar un acordo unánime de todos os grupos, xa que pensa que no fondo todos están de acordo en que hai que evitar que se sigan producindo esas situacións, e dicirlle ao goberno que actúe, que é o que ten que facer.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que o seu grupo tamén comparte case a totalidade da moción, sobre todo a súa filosofía, pero discrepan tamén no punto primeiro, sobre todo porque despois de que ao longo dun ano teñan acaecido tres accidentes, como consecuencia das fugas de gas e do tema do transformador eléctrico, en dúas xuntas de voceiros nas que están representados todos os grupos, acordouse que a partir desde momento se traballaría con máis coidado, que se farían as obras a man, e estarían os técnicos permanentemente vixiando as obras. Pensa que as obras hai que facelas, co maior coidado posible, cun maior control e tentando que non se volvan producir accidentes deste tipo.

Conclúe dicindo que o seu grupo comparte a filosofía da moción, e algúns dos puntos, e se o PP estima oportuno a posibilidade de consensuar a moción, de acordo co que dixeron os representantes dos distintos grupos, entón estarían dispostos a apoiala.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que está de acordo coa totalidade dos acordos propostos. Explica que está de acordo en paralizar todas as obras que implican movemento de obras, porque afortunadamente nos tres accidentes que se produciron non houbo desgrazas persoais, pero os accidentes seguen a producirse, e ademais díselles que os planos e proxectos que están entregados no concello non coinciden coas instalacións reais das canalizacións. Parécelle que sería moi prudente paralizar esas obras e que Gas Galicia custee as repercusións económicas que puidera traer a paralización. Non se pode xogar coa vida dos veciños, así como se está facendo, á lixeira.

No último accidente viuse que as tubaxes están mal instaladas, e se están mal instaladas nese lugar, tamén pode que o estean noutros. Se seguen facendo obras, vanse seguir producindo accidentes deste tipo, e ao final vai pasar unha desgraza, e entón si que as terán que parar.

Pensa que deben poñerse urxentemente a determinar os proxectos e instalacións reais coas empresas subministradoras e logo seguir coas obras, porque facelas a man non é unha solución a longo prazo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, reconece que hoxe o Sr. voceiro do PSdeG-PSOE fixo un labor de voceiro, foi elegante e respectuoso, e se a intervención a tivera feito a súa compañeira, xa tería dito que lles daría un informe por escrito, informe que nunca reciben, e tería rematado o debate.

Con respecto á corrección do nome da parroquia, o día que houbo ese último escape, só houbo alí dous concelleiros presentes, un deles a súa compañeira M^a Jesús, que é veciña da zona, e outro el, que chegou ás 12:50 e marchou ás 13:20 cando se puideron pechar as chaves. Esta moción redactouna xusto a continuación, e froito do nerviosismo foi o erro cometido, sabe perfectamente que a parroquia é a do Temple. En calquera caso acepta de bo grao a corrección.

Respecto do primeiro punto, no que piden a paralización das obras, xa no pleno que solicitaron sobre o estado do Temple, a concelleira de obras dixo que: *“Deuse especial importancia á localización exacta de todos os servizos afectados na zona, para o cal se*

puxeron en contacto con todas as empresas que teñen instalacións na zona, Telefónica, R, Gas Galicia, Fenosa.” Isto demostrouse ineficaz e perigoso, por iso piden que se paralicen as obras de escavacións onde hai tubaxes de gas, non evidentemente outro tipo de obras. Entenden que con esta aclaración o punto si podería ser aprobado por todos.

Con respecto ao punto segundo non hai ningún problema en que a comisión sexa específica ou sexa outra, pero o que hai é que tratar os asuntos con seriedade.

O terceiro punto, respecto do plan de emerxencias municipal, sinala que o Sr. voceiro do PSOE dixo que cando os orzamentos estean aprobados asignarase unha partida, cando o Sr. alcalde lles dixo en varias ocasións que o plan xa está en marcha.

O Sr. alcalde intervén para dicir que o plan xa está contratado, pero que Protección Civil está facendo un estudo necesario.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que, polo que el coñece, o plan de emerxencias contratado é un plan limitado que non contempla un plan integral de todo o municipio.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o mellor é dicir que neste momento non hai plan de emerxencias. Continúa dicindo que, respecto do punto cuarto, que se refire a instar ao equipo de goberno a que requira ás administracións públicas, hai que entendela indo á orixe do accidente. Gas Galicia facilitoulles un plano sen cotas, aproximadamente o tubo está a un metro da beirarrúa, pero hai bifurcacións e cóbados que non aparecen no plano, co cal ese plano non serve. Pidiu licenza municipal para instalar as chaves e aínda que non a tiña concedida, afortunadamente xa debían estar instaladas, porque segundo un informe dos técnicos municipais, Gas Galicia solicitou licenza o 11 de febreiro para a introdución dunhas válvulas de sectorización. Dende a Sección de Obras informouse que con carácter previo á emisión dun informe favorable necesitaban ter coñecemento de todas as actuacións que Gas Galicia tiña previsto executar, tanto a curto como a longo prazo no Concello de Cambre e nos concellos anexos, para a mellora da seguridade nas instalacións que afectan ao concello tanto directa como indirectamente. Para iso solicitaron unha descrición precisa do total de puntos onde se ían incluír válvulas de sectorización especificando e grafiando as áreas afectadas polos cortes, así como a súa tipoloxía e certificados de homologación, fluxos existentes, seccións das canalizacións, previsións de traballo e dirección dos fluxos de todas as instalacións que afectan ao concello, certificado de inspeccións periódicas das redes que afectan ao concello e accesorios, e protocolo de emerxencias.

Continúa dicindo que a pesar de terlle solicitado a Gas Galicia toda esa información, a empresa fixo a obra, sen que dende o concello se lle concedese a licenza, nin se tivera coñecemento de que se fixeran as obras. Estase dicindo que hai unha presenza constante da policía local e dos técnicos municipais na zona, e fanse obras das que non se enteran, iso tamén lle parece grave.

No pleno extraordinario sobre o Temple dixo en varias ocasións que as respostas eran insuficientes e insatisfactorias, e o peor de todo, que estaban sen preparar. Di que hoxe pasa o mesmo, que non hai unha resposta clara, nin un coñecemento claro do verdadeiro problema. Polo tanto, aceptan a moción coas modificacións presentadas polos outros grupos.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que dado que modificar neste momento ou chegar a unha fórmula transaccional pode ser complicado, propón ao resto dos grupos reunirse con carácter urxente na comisión informativa correspondente e facer unha moción conxunta, adoptada por todos os grupos, o cal lles daría máis forza diante de todos os organismos públicos competentes.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que a súa proposta é votar a moción tal e como está, coas pequenas modificacións das que se falou, e logo nas comisións tomar as decisións que sexa, que se trasladarán aos organismos correspondentes.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta se votar a moción tal e como está inclúe o tema da paralización das obras, porque di que, como xa comentou anteriormente, descoñece se é responsabilidade deles tomar a decisión de paralizar unhas obras cando non teñen todos os datos. Propón formular a cuestión doutra maneira, instar ao goberno municipal a que paralice as obras das que non teña a seguridade total e certificada de que se poden facer en condicións. Parécelle que a responsabilidade de paralizar as obras non é deles, senón que ten que haber uns técnicos que coa súa sinatura se responsabilicen administrativa e civilmente do tema. E tamén ten que haber uns responsables políticos, que son os que gobernan, que teñen que ratificar esas propostas. Facelo eles dende a oposición non ten ningún sentido, e dar unha orde xeneralizada de paralización de todo o que leve consigo movementos de terras, non pensa que sirva para solucionar os problemas, senón que pode traer aínda máis. Pensa que o mellor é dicirlle ao goberno que paralice todo aquilo do que non estea seguro.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez amosa a súa conformidade.

O Sr. alcalde explica que no caso da obra concreta da que están a falar xa se determinou un control que debe levar a cabo a empresa de gas, a empresa construtora e o propio concello, e que paralizar unha obra que ten un financiamento da Deputación da Coruña, e que cumpre con todos os requisitos, sería aínda peor para os veciños. Pensa que se se leva a cabo o control fixado, as obras deben seguir. En todo caso, di que o vindeiro luns hai unha xunta de voceiros, e que poden citar aos técnicos da obra para ver os informes que teñen.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que está de acordo en que, tal e como se quedou na xuntanza cos responsables de Gas Galicia, a partir de agora ningunha obra se comece sen antes xuntarse os voceiros dos grupos, o voceiro municipal, e as empresas responsables da súa execución. En todo caso, pensa que os técnicos do concello terán que dicir algo de todo isto, a corporación debería solicitarlles un informe sobre se é factible paralizar ou non as obras.

O Sr. alcalde di que non hai problema en reunirse e ver os informes cos técnicos do concello, pero que agora o que se está a facer é unha obra dirixida de acordo co que acordaron. Non di que non poida xurdir algún problema, porque pode xurdir, pero estase levando a cabo un control sobre toda a obra e estase facendo co maior dos coidados posibles. Non pensa que sexa o mellor paralizar unha obra desa envergadura, e chegar ao inverno con eses problemas na estrada e beirarrúas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que el non ten inconveniente en que este punto quede supeditado á decisión dos técnicos municipais, pero tamén lembra que, en teoría, o día do escape había un técnico responsable da empresa Gas Galicia, o cal amosou ser ineficaz. Tense que tomar moi en serio a situación, porque o problema é moi grave, incluso con perigo para a vida das persoas. En todo caso, a responsabilidade última é do Sr. alcalde polo que non ten problema en adaptar este punto.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor explica que quere deixar claro que non se fai ningunha obra neste concello sen o informe técnico correspondente, sen prexuízo de que poida darse algún accidente como en calquera outra obra. Insiste en que están de acordo cos puntos segundo, terceiro e cuarto, e que o primeiro non ten inconveniente en modificalo para dicir que todas as obras que se realicen en Cambre teñen que contar co informe técnico favorable correspondente.

Don Manuel Marante Gómez intervén para sinalar que supón que iso xa se está facendo, xa que senón a obra sería ilegal.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez propón engadir no primeiro punto a apostila de que a paralización das obras se realice logo dos informes técnicos oportunos. Se os técnicos municipais recomentan parar as obras polo seu perigo, que se paren.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que é certo que agora a obra está controlada por técnicos municipais, da compañía do gas, e da empresa, pero tamén se supoñía que o estaban cando tivo lugar o accidente, e xusto nese momento non había ninguén presente. Di que os informes técnicos deben revelar se efectivamente hai perigo ou non, porque a vida dos veciños é un tema moi importante, e o goberno está para preocuparse diso.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que pensa que todos están de acordo en que hai que impedir que se produzan estas situacións. O que pasa é que están levando a discusión a un punto no que están a cambiar o sistema de funcionamento das institucións. Quen ten que tomar as decisións, avaliados por técnicos que cobran para iso, é quen está gobernando. A oposición o que debe facer e instar, reclamar, controlar, vixiar e, en caso de que non se cumpra, pedir responsabilidades. Lembra que na moción aprobada por unanimidade en xaneiro, que propuxo o BNG, un dos puntos que ía era o de iniciar os expedientes de reclamación ou de denuncia, ou de peticións de responsabilidades polas negligencias, irregularidades ou polo que fora que se cometeran nos diferentes puntos do desenvolvemento destas obras. Se hai alguén traballando que non teña licenza, haberá que abrialle un expediente e sancionalo, porque parece que mentres non se faga iso, os demais van seguir actuando igual. Haberá que presentar todos os datos en Industria para que tamén actúe por se as empresas que presentaron os planos para obter as autorizacións non se corresponden coa realidade. Así, se iso se fai e se na obra hai seguridade, porque os técnicos así o acreditan, quen ten que tomar a decisión de paralizar a obra ou ordenar que continúe é quen está gobernando. A oposición o que fará e seguir reclamándolle que exerza esa responsabilidade. Non é o pleno quen ten que tomar a decisión de paralizar unha obra, porque incluso poden equivocarse e chegar a que as empresas adxudicatarias esixan responsabilidades patrimoniais por non poder facer as cousas para as que lles contrataron.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre expón que o texto da moción é moi claro, que fala de instar ao equipo de goberno a que tome unha decisión, é o equipo de goberno o que debe decidir. Engade que o debate se está desvirtuando un pouco, que este

tema é moi serio e hai moitos veciños do Temple presentes que están moi preocupados por este e por outros temas. Pensa que para percibir a sensación de desasosego dos veciños só hai que pasarse pola zona. Hai que tomar solucións e se o equipo de goberno non as toma, eles terán que esixírllelas.

O Sr. alcalde propón votar a moción, pero deixando sobre a mesa o punto da paralización das obras ata a primeira reunión dos voceiros cos informes dos técnicos municipais.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez di que non hai problema en retirar momentaneamente o punto primeiro e votar o resto da moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Que polo responsable municipal de obras e servizos se dea conta á Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos, do estado actual de cada unha das obras que se están executando no municipio, co fin de que a dita comisión poida levar a cabo o seu seguimento.

Segundo: Instar ao equipo de goberno a que desenvolva con urxencia un Plan de emerxencias municipal.

Terceiro: Instar ao equipo de goberno a que requira a todas as administracións públicas ou privadas que realicen obras no noso municipio, que acrediten que estas se adecúan ao proxecto a través dunha empresa de Organismo de Control Autorizado (OCA).

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal do BNG respecto da construción dun aparcadoiro para O Temple na rúa Francisco Rodríguez

Rexistrada de entrada ao núm. 9526 o día 24 de xullo de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Todos coincidimos en que un dos problemas máis graves que ten a parroquia do Temple e, nomeadamente O Graxal, é o do aparcamento. Tanto residentes como empresarios vense afectados por esta situación na súa vida cotián e nos seus negocios. En moitas ocasións temos debatido sobre este asunto, é raro o pleno no que non se toque este asunto. Máis aínda ultimamente ao coincidir obras e accidentes que complican máis os problemas.

Para o grupo municipal do BNG é hora xa de que se tome algunha iniciativa en serio, de que se tomen decisións. Supoñemos que todos coincidimos na dificultade en atopar unha solución a este problema. Non temos dúbida que o que vivimos hoxe está xerado pola ausencia de planificación e a despreocupación polos equipamentos públicos, pero non é hoxe o que nos interesa resaltar e, pensamos que os veciños e comerciantes do barrio non queren escoitar máis veces que coincidimos con eles no diagnóstico, o que queren oír de nós, dos representantes políticos son solucións.

Neste sentido, e conscientes da complexidade técnica das solucións a adoptar, propomos ao pleno que tome a decisión de que se estude a construción dun aparcadoiro soterrado na rúa Francisco Rodríguez, contemplando o uso do subsolo dos viais, do parque e, mesmo a posibilidade, da parte superior do parque Ramón Barba e da zona da polideportiva anexa ao colexio. Entendemos que se trata dunha superficie suficiente e que permitiría habilitar prazas para residentes, para o alugueiro e para uso dos comerciantes e empresarios da zona.

Sabemos que as dificultades non só son técnicas, tamén económicas e de financiamento, polo que o estudo que se faga deberá abordar ambas as dúas cuestións.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: O pleno do Concello de Cambre acorda que se inicie a contratación dunha asistencia técnica externa, para o estudo técnico e financeiro da construción dun aparcadoiro soterrado no ámbito da Rúa Francisco Rodríguez, no Graxal.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que están basicamente de acordo coa moción do BNG, porque son conscientes do problema de aparcamento que existe, en xeral, na parroquia do Temple, e concretamente na

zona do Graxal. Evidentemente a propia complexidade admitida polo BNG, aconsella que se faga un estudo técnico a fondo sobre as posibilidades que formula o Bloque, que pode ser nesa zona ou noutra. Por iso di que van votar a prol, cunha pequena matización, considera que o pleno da corporación non é o competente para acordar o inicio da contratación, senón que pode instar a que se inicie o expediente de contratación por parte do órgano que corresponda.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo tamén está de acordo coa moción, coa salvidade de que se estude o lugar idóneo. No pleno extraordinario que solicitou o seu grupo sobre esa zona, unha das súas propostas era esa. Chamoulles a atención que nunha reunión que mantiveron co Sr. alcalde e co Sr. Salcines polos orzamentos, se falou desta obra, de que se ía comezar a traballar e estudala, e logo no seguinte pleno, a unha pregunta do BNG, o Sr. alcalde contestou que non era posible facer esta obra. Por todo isto di que hai que traballar nesta dirección con seriedade, con ganas e vontade.

O Sr. alcalde explica que do que se falou foi da parcela de 3.000 metros.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que é certo que era nesa parcela, pero que na súa conversa faláron de que se podía facer, e despois no pleno dixeron que non.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que eles asumen totalmente a moción, xa que está en consonancia cunha moción que presentou o seu grupo no mes de novembro, que trataba da elaboración dun estudo para solucionar os problemas de aparcamento no Graxal.

Continúa dicindo que o que lle chama a atención é que cando eles presentaron a moción, que foi aprobada por unanimidade, un dos puntos dicía que se entregara a moción aos técnicos municipais para que fixeran un estudo sobre as posibilidades de onde se podía construír un aparcadoiro soterrado na zona do Graxal. O Sr. alcalde dixo que lle pasaría inmediatamente aos técnicos a moción, e nun prazo de tres meses se lles daría conta do que se tivera feito. Iso foi en novembro, e agora estamos en agosto e, a día de hoxe, non teñen noticias de que os técnicos fixeran ningún estudo para ver a posibilidade de construír un aparcadoiro no Graxal. Di que non lle estrana que o BNG, o PP ou quen sexa, ou despois reiteradamente EU-IU, volvan a presentar unha moción sobre o mesmo tema.

Conclúe dicindo que por todo isto eles asumen todo o contido da moción, pero que pide maior efectividade no labor.

O Sr. alcalde aclara que os técnicos están saturados e non teñen capacidade para ocuparse disto, e que se contratou unha empresa para ver a viabilidade da parcela da que faláron antes. Para facer un estudo como este é necesaria unha empresa con moitos máis medios dos que conta o concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que se debería ter informado a todos os grupos da situación en que se atopan as mocións, e neste caso informar de que se tiña trasladado a unha empresa de fóra para que traballe no tema, así evitaríase estar no pleno falando do tema.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o seu grupo tamén está de acordo coa moción, e solicita que a partir de agora cando no pleno se lles informe de que se contratou a unha empresa para algo, que se lles traia o contrato, porque di que é moi fácil dicir que se encargou o traballo a unha empresa e despois pasan os días, os meses e os anos e non aparece nada. Para evitar iso pide que a partir de agora se traian os contratos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que este tema se ten tratado en múltiples ocasións, aínda que pensa que sobre este lugar en concreto é a primeira proposta. En todo caso, quen estude o tema será quen lles diga se o tema é ou non viable.

A eles parécelles unha boa idea, por iso fan unha proposta, presentan unha idea e un método para facelo, di que saben que a través dos técnicos municipais é imposible, e que por iso piden que se contrate unha asistencia técnica externa que faga o traballo, e que estarán todos os meses reclamando que se faga, porque pensan que é unha cuestión de urxencia.

Conclúe agradecendo a todos os grupos municipais o seu apoio á moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Instar ao órgano de contratación competente para que inicie a contratación dunha asistencia técnica externa, para o estudo técnico e financeiro da construción dun aparcadoiro subterráneo no ámbito da rúa Francisco Rodríguez, no Graxal.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Moción do grupo municipal do BNG respecto da auditoría enerxética do Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 9526 o día 24 de xullo de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“A crise económica e a necesaria conciencia ecolóxica relacionada co cambio climático e os usos racionais da enerxía obrigan ás institucións a tomar medidas e a ser exemplares. O concello ten moito que dicir neste campo. Pensemos que o concello é un dos maiores, senón o maior, consumidor enerxético no territorio municipal e, por outra banda, a factura enerxética non se para de incrementar co paso do tempo.

Pensamos que son dúas razóns co peso dabondo como para tomar en serio este problema, abordalo e tomar decisións. Xa non é suficiente con pequenas medidas parciais que non atacan o mal de raíz. É necesario que Cambre conte cun plano a medio e longo prazo, cunha folla de ruta, que marque o camiño e que se podan ir avaliando no tempo os seus resultados.

Son moitos os ámbitos que estudar e mellorar: os consumos das calefaccións, as iluminacións interiores e a iluminación pública, etc.

Tamén é certo que os medios propios non permitirían, excepto que desatendan outras funcións, deterse con rapidez e profundidade en elaborar un estudo rigoroso e un plano de actuación. E falamos dun asunto que non admite máis demoras.

Neste sentido desde o grupo municipal do BNG consideramos necesaria unha auditoría enerxética do Concello de Cambre polo que lle propoñemos ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: O pleno do Concello de Cambre cos obxectivos de redución da factura enerxética municipal e de contribuír aos usos racionais da enerxía toma a decisión de contratar unha asistencia técnica externa para a realización dunha auditoría enerxética de todos os consumos municipais, que contemple un plan de redución e racionalización dos consumos.”

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, sinala que, como no caso anterior e antes de que lle digan nada, corríxe a proposta no sentido de que o pleno o que ten que facer é instar ao órgano de contratación a que contrate a asistencia técnica.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, felicita ao BNG pola presentación dunha moción que non só é importante para o aforro enerxético do propio concello, senón tamén para simplificar e moralizar a conduta de todos os cidadáns de Cambre, e engade que por todo iso o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, expón que o seu grupo tamén está a prol desta moción, con dúas salvidades e propostas. Di que a Xunta de Galicia conta co Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) que está precisamente para estas cousas, e que o Ministerio de Industria ten o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), polo que propón que o concello se dirixa directamente a estes dous institutos, que foron creados precisamente para isto.

Intervén don Francisco Javier Varela Tejedor para manifestar que pensa que eses dous institutos o que fan é dar subvencións para que se fagan os estudos, e que en caso de que existan tales subvencións o concello acudirá a elas.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que el tamén pensa que eses organismos ofrecen subvencións, e que é responsabilidade do concello buscar fontes de financiamento para facer o estudo. Nese sentido di que se pode incluír na moción que se solicite desas institucións a colaboración financeira que sexa necesaria.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez reitera que o Instituto Enerxético de Galicia non está só para conceder subvencións, senón tamén para axudar neste tipo de cousas, e que o concello debería dirixirse a el solicitando non só subvencións senón tamén a súa colaboración.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que non hai inconveniente en incluílo así na moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Dirixirse ao Instituto Enerxético Galego para que realice unha auditoría no Concello de Cambre cos obxectivos de redución da factura enerxética municipal, e contribuír aos usos racionais da enerxía.

Segundo: No suposto de que non se leve a cabo, ínstase ao órgano de contratación competente para que inicie a contratación dunha asistencia técnica externa para a realización dunha auditoría enerxética de todos os consumos municipais, que contemple un plan de redución e racionalización dos consumos.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

D) Moción do grupo municipal de EU-IU respecto da creación dun código ético de incompatibilidades dos membros da corporación

Rexistrada de entrada ao núm. 9598 o día 26 de xullo de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Cada día máis, maniféstase a enorme importancia que ten na actividade política a transparencia no desenvolvemento no exercicio do cargo público para o desempeño das súas funcións, velando por respectar os dereitos dos cidadáns. En repetidas ocasións teñen xurdido debates nos plenos municipais sobre a necesidade de dar resposta eficaz aos urxentes problemas derivados de supostas situacións de incompatibilidade dos membros das corporacións municipais.

A Lei de administración local de Galicia establece (artigo 230) que: *“No exercicio do seu cargo, os membros das corporacións locais observarán, en todo momento, as normas sobre incompatibilidades establecidas no ordenamento vixente e absteranse de participar na deliberación, votación, e execución de calquera asunto, se concorren nel algunhas das*

causas ás que se refire a lexislación sobre procedemento administrativo e de contratos das administracións públicas”.

Como sucede con tantas outras normas, o problema do seu cumprimento efectivo está, por unha banda, na posibilidade de burlalas a través de innumerables trapalladas que infrinxen o espírito da lei, aínda que cumpran a súa letra; e, por outra banda, en que calquera actuación, de non ser recoñecida e sancionada pola propia corporación á que pertence o infractor/a, non deixa máis camiño que o dos tribunais, que non son un modelo de eficacia e rapidez. O resultado é que, en moitos casos estas situacións son de dominio público pero non chegan formalmente a denunciarse ou a corrixirse directamente polos órganos competentes, estendendo unha falsa imaxe de xeneralización na corrupción na vida pública.

Considera o grupo municipal de EU-IU que un órgano democrático como é a corporación municipal de Cambre, debería elaborar e aprobar unhas normas propias que permitan evitar (e, no seu caso, detectar e corrixir) estas situacións, sempre potencialmente posibles.

Polas razóns expostas, o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Único: Creación dunha comisión de estudo, informe, integrada polos grupos políticos presentes na corporación, que terá como función a elaboración e aprobación dun código ético que, complementando as normas legais sobre incompatibilidades, impida amparar na lexítima discrepancia política, actuacións discordantes coa honestidade coa que debe ser exercido todo cargo público.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, di que felicita ao voceiro de EU-IU pola presentación da moción, e que o seu grupo asúmea totalmente. Engade que a súa única dúbida é sobre quen debería aprobar ese código, a propia comisión ou o pleno.

A secretaria da corporación informa que, como calquera outra disposición municipal de carácter xeral, a aprobación deste regulamento corresponde ao pleno. Trataríase de crear unha comisión especial para a elaboración do código ético. Unha vez que a comisión elabore o código e o ditamine favorablemente, haberá que traelo ao pleno para a súa aprobación inicial, expoñelo ao público durante trinta días para alegacións, e unha vez aprobado definitivamente, publicalo integramente no Boletín oficial da provincia, como calquera outra disposición de carácter xeral.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo tamén apoia a moción, e lembra que o mes pasado aprobouse unha moción para que a xestión dos fondos públicos se fixese a través dunha mesa de contratación, precisamente para evitar eses temas. Lembra tamén que a Lei da función pública de Galicia establece que os funcionarios públicos deben absterse de intervir cando teñen parte no asunto de que se trate.

Continúa dicindo que no concello non hai un modelo de xustificación dos gastos de representación do equipo de goberno, e que sería necesario que existise un modelo claro que xustifique en que se gasta o diñeiro, con que finalidade, con que resultado, e pensa que o código ético ten que afondar nese punto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que cando se faga o código ético supón que se contemplarán todas as cuestións expostas polo concelleiro do PP.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción. O mesmo manifesta don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Crear unha Comisión Especial para a elaboración dun Código Ético, integrada por todos os grupos políticos presentes na corporación, que terá como función a elaboración dun código ético que, complementando as normas legais sobre incompatibilidades, impida amparar na lexítima discrepancia política, actuacións discordantes coa honestidade coa que debe ser exercido todo cargo público.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

E) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre infravivenda rural

Rexistrada de entrada ao núm. 9598 o día 26 de xullo de 2008, é lida polo voceiro don Luis Miguel Taibo Casás.

O Sr. alcalde toma a palabra para sinalar que o problema que atopa nesta moción é o terceiro punto que vincula ao concello a redactar os proxectos de reforma e rehabilitación, co problema que iso pode supoñer para os técnicos municipais. Engade que os técnicos poderían asesorar ou informar, pero non asumir a redacción dos proxectos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que fai referencia á xente que non ten os recursos suficientes para poder elaborar e pagar un proxecto, e que o concello está precisamente para axudar ás familias máis necesitadas.

O Sr. alcalde responde que iso é certo, pero que cando saen estas axudas establécese un periodo de tempo para tramitalas e ten medo de que nese prazo o concello non sexa quen de tramitalas todas, poden colaborar e informar, e quizais tamén en determinados casos de beneficiencia botar unha man, pero di que se trata de axudas que poden solicitarse por calquera persoa, e que moitas desas persoas son capaces de facer unha memoria ou proxecto. O concello pode colaborar ata onde pode chegar, pero non asumir toda a tramitación.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que non cre que sexan moitas as persoas que vivendo nunha infravivenda rural poidan custear o proxecto, pero que de ser o caso, esas persoas deberán asumir o seu propio proxecto, e en caso contrario debería encargarse o concello. Engade que, en todo caso, o que se trata é de que o concello preste o seu asesoramento, e sobre todo o que se pretende é dar publicidade a este tipo de subvencións e axudas, que non se concrete en dúas ou tres persoas, sen prexuízo de que tamén a estas lles faga falta.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción, pero que sería mellor quitar do terceiro do parágrafo da xustificación, cando se fala da tipoloxía dos beneficiarios, a expresión “evidente pobreza cultural”. Di que o de escasos recursos económicos e o de situación de marxinalidade se entende, pero que esa outra expresión sería mellor quitala.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que non hai problema en sacala.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que respecto da matización feita polo PP, el tamén pensa que hoxe en día hai termos máis dignos

para referirse a este tipo de situacións, e que todas esas expresións se poderían suplir pola de “persoas en risco de exclusión social”.

Continúa dicindo que o seu grupo apoia a moción, pero lembra que hai un programa específico da Consellería de Vivenda e Solo precisamente para mellora da infravivenda rural en colaboración cos concellos, e que este ano o prazo de solicitude de obras rematou o 30 de xuño. Ese programa xa obriga a unha carga de traballo ao concello, fundamentalmente técnica, moi importante, xa que supón a intervención de técnicos de traballo social, arquitecto, aparelador, etc., que deben elaborar toda unha serie de informes, por iso pensa que incluír tamén a obriga de que os técnicos municipais deban redactar os proxectos pode supoñer unha esixencia excesiva que tal vez logo non se poida cumprir.

Conclúe dicindo que, en todo caso, esta moción lles parece unha proposta moi razoable, e que o único que recomendarían sería cambiar as denominacións a que fixo antes referencia, e substituílas pola outra frase que suxeriu.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que realmente hai persoas con escasos recursos económicos, e que as cousas hai que chamalas polo seu nome.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non son unicamente as persoas con escasos recursos económicos as que están en risco de exclusión social, senón que se poden atopar casos de persoas ás que hai que estar axudando porque viven nunhas condicións que todos consideran de absoluta miseria e que, non obstante, teñen propiedades ou diñeiro no banco. Di que ademais da situación económica, tamén pode levar ás persoas a estar en risco de exclusión social as enfermidades, as discapacidades, os problemas familiares, o alcoholismo, etc. Por todo iso, parécelle que a expresión “persoas en risco de exclusión social” é moito máis completa e evita ter que andar cualificando como viven as persoas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o que non quere é que se entenda a moción nun sentido pexorativo, senón todo o contrario, que agradece todas as achegas que sexan enriquecedoras, e que o único do que se trata é de intentar axudar ás persoas que están nesta situación.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que está de acordo coa moción, con esas matizacións realizadas.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción presentada, tal e como se transcribe a continuación:

“En Galicia en xeral, e no noso concello en particular, aínda existen familias que habitan infravivendas rurais carentes das mínimas condicións para un mínimo digno de calidade de vida.

A Xunta de Galicia arbitra axudas aos concellos para a infravivenda rural, establecendo un marco de colaboración entre o Instituto de Vivenda e Solo e os concellos para a solución do problema das infravivendas rurais habitadas por familias con escasos recursos, co obxecto de que poidan acadar unha vivenda digna conservando a súa integración social co medio.

Tendo en conta a tipoloxía dos beneficiarios destas axudas (xeralmente persoas en risco de exclusión social, o que propicia a dificultade para que estean informados da existencia deste tipo de axudas e de como tramitalas), resulta fundamental que sexan os concellos os que deban asumir o protagonismo para detectar os casos concretos que precisan estas axudas contribuindo así a eliminar os focos de infravivenda rural que aínda existen no noso territorio.

Esta actuación, aínda que é posible que cuantitativamente non supoña no noso concello un elevado número de casos, si resulta importante cualitativamente, por tratarse de incidir e axudar a persoas que se atopan vivindo en condicións moi inferiores ao promedio da zona e, en todo caso, de xeito inadecuado para unha vida minimamente digna.

Polo exposto, o pleno da corporación adopta os seguintes acordos:

Primeiro: Establecer un procedemento para detectar e censar os casos concretos de infravivendas rurais existentes no noso concello.

Segundo: Instrumentar un sistema de información para que as persoas que residen nas devanditas vivendas coñezan as posibilidades de axuda que poden recibir da Xunta de Galicia, así como analizar a estratexia a seguir en cada caso concreto.

Terceiro: Asumir a tramitación, xestión e seguimento das solicitudes de axuda dos veciños/as do noso concello, así como, en casos especiais, unha vez concedidas as axudas, a forma máis axeitada para investir os fondos obtidos (proxectos de reforma, rehabilitación, etc.).”

4º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1435, de data 14 de xullo de 2008, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Jaime Manuel López Lisnier dende o día 14 ao 24 de xullo do ano 2008, ámbolos dous incluídos e tamén do día 4 ao 14 de agosto do ano 2008, ámbolos dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1436, de data 14 de xullo de 2008, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don José Venancio Salcines Cristal dende o día 14 ao 24 de xullo do ano 2008, ámbolos dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

5º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9644 o día 28 de xullo de 2008.

1º O noso grupo municipal leva meses reclamando que se mellore a seguridade viaria na N-550 ao seu paso por Altamira e A Rocha e dende entón a única medida que se adoptou foi a de colocar as bandas rugosas que non aminoraron a excesiva velocidade coa que circulan os vehículos pola zona, pero pola contra, si están causando graves molestias aos veciños polo ruído que fan. Por este motivo, rogamos de novo ao equipo de goberno que realice as xestións oportunas para mellorar a seguridade viaria en Altamira e que solicite a retirada das bandas rugosas na zona.

O Sr. alcalde contesta que se farán as xestións, pero que en todo caso antes sería necesario colocar uns semáforos para evitar o exceso de velocidade.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, sinala que a velocidade é máis da que había antes, e que hai presentes veciños que o poden corroborar. Di que ela mesma o pode facer porque ten as bandas diante da súa casa.

Continúa dicindo que as bandas rugosas están violando o dereito á vida privada e familiar polo ruído que producen, e que xa existen sentenzas xudiciais que están obrigando aos concellos a retiralas. Por todo isto solicítalle ao Sr. alcalde que lle dea unha data concreta de cando se van retirar esas bandas, xa que os semáforos tiñan que estar colocados dende hai máis de dous anos, que foi cando se solicitaron.

O Sr. alcalde responde que vai solicitalo, pero que non pode dar datas porque esa decisión corresponde a Fomento.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que durante a sesión o Sr. Varela Tejedor declarou que en Cambre non se fai ningunha obra sen os correspondentes informes técnicos, polo que pregunta quen fixo o informe técnico para colocar as bandas na zona de Altamira.

O Sr. Varela Tejedor responde que dado que se trata dunha estrada estatal o informe corresponde aos enxeñeiros de camiños, canles e portos do Ministerio de Fomento.

Dona M^a Jesús González Roel di que na estrada de Coruña a Santiago en ningún sitio hai bandas deste tipo, e que en Cambre non se poden poñer semáforos, non se poden poñer pasos de peóns, non se poden iluminar as zonas polas que circulan as persoas, pero que si se poden poñer unhas bandas que impiden durmir aos veciños. Solicita do Sr. alcalde que urxentemente se faga todo o posible para que se retiren as bandas.

2º Nos últimos meses os veciños de Cambre, en especial os do Graxal, temos visto como varios nenos da parroquia se quedaban sen praza no colexio que lles correspondía e terán que marchar a Brexo-Lema. A pasada semana o alcalde reuniuse coa conselleira de Educación para asinar un convenio polo que O Graxal se quedará sen un novo colexio. A ampliación pactada, ademais, non se terminará ata finais do ano 2009 ou principios de 2010, polo que os nenos afectados e outros moitos que estarán afectados pola falta de prazas no noso concello o ano que ven, non poderán ver solucionado o problema ata o curso 2010-2011. Por estes motivos, solicitamos ao equipo de goberno que nos explique os termos nos que se pechou o acordo e por que non se pactou a construción dun novo colexio.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que o que se fixo a semana pasada foi asinar entre a Consellería de Educación e o Concello, o convenio de cesión dos terreos para ampliación do colexio do Graxal, que xa estaban presentados na Consellería. É un convenio pechado, nel non se pode pactar a construción dun novo colexio. O que se fixo foi falar da posibilidade dun novo colexio, pero era algo que non se podía incluír dentro do convenio que se asinou.

Concedida a palabra a dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que aínda que non se puidera ter pactado nese acto, si se podería ter falado, porque vaise facer unha ampliación que xa vai resultar insuficiente en canto estea terminada. A ampliación non vai solucionar os problemas de comedor que teñen os nenos. Di que a conselleira deixou moi claro cando tomou o seu cargo, que todos os nenos teñen dereito a comedor. Coa ampliación non se vai solucionar o problema, e pregunta onde se vai meter aos nenos o vindeiro ano se non está terminado o colexio.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que non sabe se a conselleira dixo iso, pero que o que si pode dicir é que non todos os nenos teñen dereito a comedor, porque actualmente nos colexios tampouco teñen dereito a comedor os alumnos que xa hai neste momento. Di que si se falou coa conselleira da posible construción doutro colexio e que se lle solicitou.

Dona Mª Jesús González Roel responde que as familias afectadas necesitan ter unha praza no colexio xa mesmo, non lles sirve que a solución se prorrogue ata o 2009-2010. Tampouco deben pensar que o problema vai acabar no 2009-2010, senón que a escaseza de prazas continuará, e incluso ese problema se vai estender a novas parroquias. Por iso o grupo do PP insta ao concello a que pidan á Consellería de Educación que se aplique o artigo 49 da Orde de 17 de marzo de 2007, polo que se pode dotar aos colexios dun 10 % máis de prazas en

caso de situacións extraordinarias. Pense que o caso destes nenos de 3 anos podería considerarse un caso extraordinario, que ademais tamén se prevé para persoas que veñen doutros países, que é o caso dunha das nais.

Tamén piden que insten á Consellería a que contrate a ampliación do colexio polo procedemento urxente, e que ante a falta de Plan Xeral, se poña un terreo a disposición da Consellería para que poida facer a ampliación o antes posible.

Don Jaime Manuel López Lisnier di que se tomará en conta o rogo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que neste tema das prazas do colexio, parécelle que moitas veces non se buscan solucións porque non se quere. Lembra que noutra ocasión que houbo problemas coas prazas se adaptaron uns locais preto de Pompas, e que neste momento o concello dispón da casa que está cerca do Seixal, unha casa que o Sr. Salcines estivo ofrecendo a varios organismos que non a quixeron, pero ao mellor podería adaptarse para unhas aulas provisionais mentres non estea o colexio feito, e así os nenos do Graxal non terían que ir a Lema ou a outro lado. O edificio está en bastante bo estado, e ao mellor sería posible adaptalo para que os nenos estean ao lado dos seus pais e do outro colexio.

3º No pleno ordinario do mes de agosto de 2007 o noso grupo municipal presentou unha moción para a recuperación do Camiño do Noceiro. Transcorrido case un ano dende a súa aprobación por unanimidade desta corporación, non se realizou ningunha actuación no lugar. Por este motivo, rogamos ao equipo de goberno que nos explique os motivos polos que se mantivo esta situación.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, informa que xa se está traballando na zona dende hai uns 15 días.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta como van ser esas obras, en que van consistir, porque di que o Sr. alcalde, na moción presentada o ano pasado, dixo que probablemente se arranxaría con pedra, e tamén dixo que de poder ser se faría en outubro ou así. Tamén pregunta cando pensan finalizar a obra.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que nun mes ou mes e medio, tamén dependerá do tempo que faga.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9670 o día 28 de xullo de 2008.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, dá lectura ao 1º rogo presentado polo seu grupo, aínda que di que considera suficientemente debatido este asunto no punto da moción.

1º O grupo municipal do BNG solicita que se cumpra co acordo plenario de 31 de xaneiro deste ano polo que se aprobou a moción do BNG referida ao accidente no Paseo Marítimo do Temple e que se informe que pasos se teñen dado para evitar a repetición de incidentes coas instalacións de condución de gas.

2º Visto que pasa o tempo e non se dan adoptado medidas para facilitar o aparcamento de vehículos no contorno do centro de saúde e, comprobado que cada día a saturación é maior, o grupo municipal do BNG propón que se habilite a parte posterior do edificio sanitario, onde se poden obter varias prazas de aparcamento, polo menos, para parte do persoal sanitario do centro.

O Sr. alcalde pregunta se se refire á zona que hai ao lado de Correos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, contesta que está a falar de detrás, onde está o local das amas de casa. Pensan que, sen prexuízo do que teñan que dicir os técnicos, poden crearse 6 ou 7 prazas para o persoal sanitario, que desconxestionarían en parte a zona de diante. Di que non é a solución, pero si un pequeno parche que aliviaría a situación.

Á pregunta de don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, respecto do lugar exacto do que está a falar, o Sr. Iglesias responde que se refire á parte de atrás do edificio, no patio que queda alí.

O Sr. alcalde concreta dicindo que é onde está o ascensor, o oco entre os dous edificios.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo amosa un plano e di que se se estima que hai condicións técnicas para acceder, entón o espazo para as prazas é suficiente.

O Sr. alcalde contesta que se estudará.

3º Solicita, unha vez máis, unha campaña de sensibilización cidadá e difusión para promover o uso do transporte ferroviario de proximidade. Segundo o compromiso acadado coa Plataforma de afectados polo AVE.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que asumen o rogo do BNG, e que todos son conscientes da necesidade de que o transporte de proximidade sexa potenciado e establecido dentro dunha rede integral que facilite a interconexión metropolitana, e incluso máis alá. Neste sentido informa que se van facer dúas actuacións: Primeiro, dende o goberno municipal solicitarase a Renfe a adecuación dos servizos, horarios e frecuencias, de xeito que se axusten ás necesidades reais dos veciños de Cambre. En segundo lugar, en canto ás campañas de sensibilización, explica que están en contacto cos institutos e escolas especializadas en transportes das Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela, para realizar un estudo que posibilite a realización da campaña de sensibilización. Di que agardan que, se a dispoñibilidade orzamentaria o permite, poidan facelo con ocasión do inicio do novo curso político, en setembro.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que o que o seu grupo quería lembrar aquí era o compromiso adquirido diante de todos os grupos municipais e diante da Plataforma organizada de afectados polo AVE para facer iso. A filosofía que había era moi sinxela, se o que se quere é evitar que desmantelen o actual trazado ferroviario, o que haberá que facer é un esforzo para promover o seu uso, aínda que os horarios e servizos que teña agora non sexan os axeitados. Están de acordo con dirixirse a Renfe para mellorar todo iso, e pensa que tamén deberían dirixirse á Xunta, que está investindo 400 millóns de euros dos fondos autonómicos para financiar parte do déficit que ten Renfe no transporte de proximidade, para que sexa tamén a Xunta a que esixa que a calidade e as frecuencias sexan un pouco mellores.

Continúa dicindo que saben que conseguir un ferrocarril de proximidade adecuado para desconxestionar as vías de comunicación da área metropolitana non vai ser unha cousa de dous meses, pero pensa que eles, dende a humildade ou dende a precariedade, ou dende a falta de competencias que poidan ter, poden ir facendo algo de sensibilización na cidadanía para que o pouco que hai se use, porque senón o fan, vanse atopar coa resposta de sempre de Renfe: que non van aumentar o servizo porque o número de usuarios é moi escaso. Pensa que habería que promover ese uso.

Conclúe dicindo que, en todo caso, é un acordo ao que chegaron por unanimidade, e un compromiso que asumiu a concelleira competente na materia.

Don Francisco Javier Varela Tejedor puntualiza que, segundo os funcionarios de Renfe cos que estiveron a falar, as cifras que o voceiro do BNG manexa non están moi lonxe da realidade, pero que son para compensación dos déficits do transporte rexional en Galicia, non do transporte de proximidade, que non hai ningunha partida para iso.

Di que a resposta de Renfe e do Ministerio ante a petición dun concello como Cambre é sempre que os servizos de proximidade en Galicia non chegan aos parámetros de masa crítica poboacional que requirirían un tratamento integral, e niso se escudan.

Continúa explicando que, cumprindo cos compromisos adoptados, intentaron, dende a súa humildade e modestia, presionar ás autoridades tanto políticas como operativas de transporte ferroviario para que os tiveran en conta. Neste sentido, e tratando de cumprir co rogo do BNG, agardan conveniar coas Universidades de Coruña e Santiago que deseñen unha campaña de sensibilización, que non só sensibilice, senón que sirva de presión para as autoridades competentes.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo quere puntualizar que lle aterroriza a expresión “masa crítica” que xa vai escoitando varias veces en referencia ao tema do ferrocarril, e di que lle dá a impresión de que vai ser o escudo onde se van agarrar para dicir que non, porque non é rendible, pero é que tampouco é rendible a educación, a sanidade, os servizos sociais. Do que se trata é de saber se os responsables políticos están de acordo en gastar o diñeiro público en cousas que non son rendibles economicamente, pero que si o son para os cidadáns. Supón que nisto todos están de acordo. Di que pode que non haxa masa crítica pero eles si que van ser masa para reclamar servizos de proximidade.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9598 o día 26 de xullo de 2008.

1º Que información ten o goberno local sobre a intención da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, para levar a cabo un convenio, co fin de construír unha área de estacionamento de autobuses no noso concello.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que a Dirección Xeral de Transportes remitiu nos últimos días unha petición para que, á vista dos estudos que realizaron cos usuarios, coas empresas de transportes e coas asociacións representantes do transporte por estrada, lles digan se están de acordo coa instalación dunha marquesiña que eles chaman intercambiador de transportes, transporte modal entre autobuses e taxis, porque non cabe outra cousa nesa zona, que estaría situada fronte á farmacia.

Informa de que a Dirección Xeral remitiu unha proposta de convenio de colaboración que están estudando, tanto dende o punto de vista técnico, como dende o punto de vista xurídico, para ver se é oportuno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta quen elixiu o lugar, a dirección xeral ou o concello.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que foi decisión da dirección xeral, e que así se recolle no escrito do que lle pode ofrecer unha copia. Concretamente di o escrito que a proposta se leva a cabo unha vez analizadas as necesidades dos concellos en materia de infraestruturas, e analizadas as propostas das empresas de transportes, asociacións e usuarios en xeral.

2º No pleno municipal ordinario do mes de xullo do pasado ano, o noso grupo municipal presentaba unha moción que foi aprobada por unanimidade sobre: Construción dun apeadeiro de “Renfe” nas inmediacións da urbanización da Barcala. Recentemente os medios de comunicación publicaban unha noticia sobre unha xuntanza mantida polo Sr. alcalde con responsables de Renfe, co fin de solicitar un apeadeiro con aparcadoiro para vehículos, nas proximidades da urbanización da Barcala.

O noso gurpo solicita da Alcaldía, se nos facilite a información relativa ás xestións realizadas na mencionada xuntanza, e canta información teña sobre a construción do apeadeiro e de todo o relacionado coa mellora das infraestruturas ferroviarias.

O Sr. alcalde contesta que lles facilitará a todos as reunións que tiveron. O que non se falou é do aparcadoiro. Di que cabía a posibilidade de meter un aparcadoiro na Barcala, pero que non pode ser porque teñen sinalada unha data. Tamén faláron das pontes que están no Noceiro, e da que está en Peiraio, e conclúe sinalando que lles facilitará a todos os grupos municipais copia de todo o tratado.

3º O concello ten a obriga de contar e dispoñer de espazos libres en perfectas condicións para o seu uso e aproveitamento dos veciños/as, onde se posibilite o desenvolvemento da relación comunitaria, que sirvan ao mesmo tempo de puntos de actividades e reunións. O parque público das Gamelas encontrase nunha situación de auténtico abandono e a absoluta falta de limpeza do lugar, sendo visible a proliferación de todo tipo de residuos, o que imposibilita para ser utilizado como espazo de recreo.

O noso grupo solicita que na maior brevidade se acondicione para uso e goce dos veciños/as.

Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que xa deu orde á brigada de obras para que se poña a limpar a zona.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que quere chamar a atención sobre o feito de que, nun concello que vai camiño dos 25.000 habitantes, haxa persoas que viven nas zonas máis urbanizadas (A Barcala, O Temple e Cambre) que levan anos sen dispoñer dun lugar onde un domingo ou día de festa poidan ir facer unha festa, un churrasco ou algo. Non hai un espazo público onde desprazarse, e iso porque o lugar que existe no concello, nas Gamelas en Anceis, está nunhas condicións deplorables.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9645 o día 28 de xullo de 2008.

1ª Despois do compromiso adquirido polo alcalde que os nenos do Temple non terían que saír da súa zona para ir a clase, que o concelleiro de Educación o Sr. Lisnier dixo que a directora estaba de acordo en que estes nenos se quedasen no centro socio-cultural e tras cedelo por escrito o Sr. alcalde, os concelleiros do Partido Popular preguntamos ao equipo de goberno por que dende o concello non se fixo todo o posible para solucionar este problema dado que falamos de nenos de tan só 3 anos.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que como na propia pregunta se reconece o Sr. alcalde cedeu por escrito un local onde os nenos puideran ser escolarizados, e foi a Delegación de Educación a que non aceptou. Dende o concello fixéronse todas as xestións posibles.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, di que pensan que dende o concello poderían ter feito moito máis. O alcalde dixo o mes pasado que o delegado non o recibía, e pregúntanse como é posible isto, ou como non acompañou ás nais a falar co delegado.

Continúa dicindo que, como xa mencionou antes, puideron insistir en que aplicasen o artigo 49 da Orde de 17 de marzo, e acompañar ás nais a falar co delegado para que este ano se solucionase a situación, aínda que fose provisionalmente. Se o ano que vén está ampliado o colexio e se soluciona estará ben, pero habería que ter buscado unha solución para este ano, falando co delegado persoalmente dende o concello.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que dende o concello faláron varias veces con eles, e que a solución que ofreceron é a que hai. Na Comisión de Escolarización tratouse o tema e a solución que lles deron foi esa. O concello non pode facer outra cousa que ofrecer os locais que se necesiten. Se hai unha negativa por parte da Delegación de Educación, non se pode facer máis.

Dona M^a Jesús González Roel di que pensa que si poderían facer moito máis, dado que Cambre é un dos municipios con máis poboación infantil, onde non teñen construído un colexio nin investido en nada. Como mínimo teñen que amosar unha consideración ante un problema tan grave como o que se presentou, e que se vai presentar aínda peor o ano que vén.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que non quere entar en demagoxias, pero que el leva nun colexio dende o ano 99 e xa dende antes dese ano se tiña pedido á Xunta a ampliación do colexio, e dende o partido que gobernaba nese momento en Santiago se lles denegou sempre a ampliación. Agora en tres anos acadouse o que non se tiña acadado nos sete anteriores.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que, para poder dicir que se conseguiu algo, nestes tres anos teríase que ter construído o colexio.

2^a Cal é a partida orzamentaria que está utilizando o concello para conceder as partidas asistenciais de Servizos Sociais? Cales son os criterios que se están a utilizar para concedelas?

Dona Carmen Tato Lago, concelleira do PSdeG-PSOE, con respecto á primeira parte da pregunta di que Servizos Sociais conta con dúas partidas que regulan as axudas de

emerxencia social. A primeira é a de “axudas de emerxencia social” que é a partida número 313 A/480, e a segunda é “axudas de emerxencia social inmigración”, que é a partida número 313 B/48000.

Con respecto á segunda pregunta informa que para a concesión se rexen pola Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participan no programa de intervención familiar, na que para acceder a esta axuda municipal, o usuario terá que dispoñer dunha renda per cápita mensual, igual ou inferior, ao 25 % do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), deducidos dos ingresos líquidos, os gastos do alugamento ou amortización da vivenda.

Dona M^a Jesús González Roel explica que esta pregunta foi feita porque a eles chegaron preguntas de varias persoas de Cambre que viron como certas persoas dispoñían de vales para comida. Por iso quixeran saber como se tramitan estes expedientes.

Dona Carmen Tato Lago contesta que os expedientes se basean nos informes emitidos pola traballadora social, con base na ordenanza da que dispoñen. E que en caso dalgunha dúbida, revísase en Intervención.

3^a Na Comisión de Presidencia do pasado mes de xuño rogábase que se sinalizara debidamente o risco que supoñía o lamentable estado no que se atopa o muro que está no Parque da Igrexa. O equipo de goberno asegurou que o faría inmediatamente e hoxe, transcorrido un mes dende entón, aínda non se realizou. Ten pensado o equipo de goberno facer algo ao respecto?

O Sr. alcalde contesta que o arquitecto municipal informoulle onte de que se tiñan solicitado orzamentos.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, di que eles están a falar do muro polo que entran os coches, non do de atrás, e pensan que debe de ser un muro privado, e que habería que sinalizalo e obligar ao dono a tomar as medidas oportunas.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, infórmalle que, despois de ter falado dese mesmo tema con Luis Taibo, pediuse orzamento para colocarlle unha malla a ese muro.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9670 o día 28 de xullo de 2008.

1ª Despois de comprobarmos que varios rapaces quedaron sen escolarizar nos colexios do Temple:

- solicitamos unha explicación ao concelleiro de Educación sobre a xestión do problema de escolarización no Temple?

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que, como xa explicou, fixéronse todas as xestións posibles coa Consellería de Educación. A resposta foi negativa porque alegaron que había prazas libres dentro do concello para escolarizar eses nenos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, como xa dixo no pleno do mes pasado, pensa que hai cousas que son irresolubles. O que se produciu aquí foi algo grave porque alterou a situación persoal de moita xente que se sentiu enganada e mareada. Di que se cadra non hai praza para todos, pero que o problema fundamental é que a un grupo de familias se lles estivo mareando dun lado para outro, sentíronse enganados porque non se lles dicía claramente a verdade. Recomendalle ao Sr. Lisnier que a próxima vez que se atope cun problema deste tipo lle diga á xente a verdade dende o principio, porque aínda que haxa malas caras ao principio, polo menos evitaralles que estean dous meses coa incerteza do que vai suceder. Esa é a sensación que as nais e as familias tiveron todo o tempo, e así llelo transmitiron aos demais. Non se trata de dicir que alguén mentiu, senón de que os afectados tiveron a sensación de que se xogou con eles, e iso é o lamentable.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que el tivo cos pais varias reunións. A primeira foi cando quedaban sen praza, e díxoselles moi claramente que a única solución que había era, ou que ampliaran outra unidade máis, que foi o que se solicitou á Consellería, ou que se non podía ser, a Comisión de Escolarización os escolarizaría no colexio máis cercano onde tiveran praza.

Os pais non aceptaron iso e dixeron que o que querían era praza no Graxal, por iso se puxo a disposición da Consellería un local, pero en ningún momento se dixo ás familias que se ían escolarizar aos nenos alí, senón que xa na primeira reunión se lles dixo que se podían enviar a Brexo-Lema. Eles rexeitaron esa posibilidade porque non había comedor, e polo tema do

transporte, pero se lles dixo claramente como eran as cousas e as posibilidades que tiñan. Os pais pediron que dende o concello se fixeran as xestións para habilitar outra aula no Graxal, e dende o concello non se puxo problemas en facilitar un baixo o máis cercano posible ao colexio. A Delegación non aceptou, pero o que non houbo foron enganar a ninguén, porque se lles contou a verdade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo reitera que el non acusa de engano, senón que el o que transmite é o que todos puideron ver, a sensación, sentimento e percepción deste colectivo. A el parécelle moi lóxico que as persoas que viven nese contorno queiran escolarizar aos nenos nese colexio, e di que el, como representante político, vai facer todo o posible para que a xente teña os equipamentos de benestar e educativos máis próximos ao seu domicilio.

Conclúe dicindo que o problema foi ese, e que agora hai que mirar cara ao futuro e comezar a traballar xa para o ano que vén, para que non teñan que sufrir de novo esta situación, sobre todo que non a teña que sufrir a xente.

2ª Sobre a subvención da Escola de Música. Dende hai tempo o grupo municipal do BNG ven advertindo ao goberno local que de non cumprir os prazos, Cambre perdería subvencións pola metade do custo da obra (270.000 € do Plan Proder), lembramos que o prazo remata co mes de agosto.

Como se vai solucionar o problema orixinado polas vacacións dos técnicos encargados da dirección de obra e dirección de seguridade?

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que se van cumprir os prazos establecidos e que non se vai perder a subvención do Proder. En canto a dirección da obra di que están a contratala ata o remate da obra para suplir ás persoas que van ir de vacacións.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que ata que non vexa rematada a obra non vai estar tranquilo. Di que agarda que se solucione, porque o tema é moi importante, tanto polo diñeiro como por acabar a obra.

Dona Erundina Prado Arcay responde que a obra non se vai paralizar e están en condicións de asegurar que van cumprir os prazos.

3ª O voluntariado de Cambre chegou a ser exemplar entre o voluntariado municipal en Galicia. Cal é a situación actual do voluntariado de Cambre?

Dona Carmen Tato Lago, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que o voluntariado de Cambre segue asistindo a congresos, participando en distintas tarefas segundo as necesidades, realizando o último trimestre do ano os correspondentes cursos de formación e seguimento, e continúa habendo altas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que non lle gusta meterse moito en cuestións sobre as que tivo responsabilidade, xa que hai que darlle confianza á xente para que o faga a súa maneira, pero di que hai momentos en que se vén en perigo cuestións verdadeiramente importantes, institucións ou patrimonio que xa estaban antes de que eles tiveran responsabilidades de goberno. Trátase dun voluntariado que foi exemplar e que aínda hoxe é modélico dentro do que son as asociacións de voluntarios municipais de Galicia, por dúas razóns fundamentais, unha polas persoas que o integran, que levan demostrando moitísimos anos os seus valores de altruismo, entrega e solidariedade. E, en segundo lugar, pola presenza dun técnico que era responsable do voluntariado, e que entrou no concello moitos anos antes de que o BNG gobernara. Dende o ano 2000 este técnico está sendo reclamado dende outras institucións, nomeadamente dende a Xunta de Galicia, para que achegue os seus coñecementos sobre o voluntariado. Participou no ano 2000 na primeira Lei do voluntariado, que está en vigor, participou en todos os congresos de voluntariado, chamado polos representantes políticos da administración autonómica, están chamándoo constantemente doutros concellos e institucións para que dea charlas e colabora na formación de persoas voluntarias. Di que tamén tivo unha participación importantísima no Plan galego de voluntariado que está en vigor, e que ten o respecto de todas as persoas que con el traballaron nese plan de voluntariado. Esa persoa, de maneira incomprensible, foi apartada da responsabilidade dese servizo dende o inicio desta lexislatura.

Segue dicindo que é unha decisión política, pero que o problema aparece cando se chega a unhas consecuencias que non son as que expón a Sra. concelleira. O que está ocorrendo co voluntariado é que non hai reunións, non hai seguimento, non hai coordinación, non se fai a avaliación dos programas e dos traballos que os voluntarios están facendo. Di que o outro día unha persoa lles comentou que tiña un traballo de acompañamento a unha persoa dependente, e que estivo indo durante tres meses a chamar á porta sen que a persoa aparecese por ningún sitio. Foron tres meses sen que dende o departamento responsable se lle comunicase se pasou algo con esa persoa.

Tamén pensa que se están facendo listas negras, porque estase chamando por teléfono a persoas que están no voluntariado para dicirlles que lles van dar de baixa por falta de participación, cando o que ocorre é que non se fan os programas para os que esa persoa se comprometeu. Así se deron de baixa a algunhas persoas, incluso de oficio.

Sinala que a orixe da pregunta foi ler nas resolucións do mes de xuño unha resolución da concelleira de Asuntos Sociais, do día 2, na que se dan de baixa a unha serie de voluntarios, e todos, menos un, por baixa de oficio. A única persoa que solicitou a baixa voluntaria foi Rafael Sánchez, unha persoa moi coñecida en Cambre, que acabou pedindo a baixa pola situación insoportable e pola presión a que estaba sendo sometido dentro do grupo de voluntariado. Unha persoa que é un exemplo de solidariedade, de altruismo, de apoio ás causas perdidas, unha persoa fundamental, e que moitas familias de Cambre saben do traballo que ten feito con nenos con problemas, que foron saíndo adiante grazas ao seu traballo, e ao desenvolvemento dunha serie de programas. Di que ante este feito lle xurden dúas preguntas, unha é cales foron as razóns que esa persoa aduciu para solicitar a baixa, e outra, se dende o departamento se fixo algo por evitar que esa persoa levara ao extremo a súa petición de baixa.

Di que a conclusión á que chega é que non se entende o que é o voluntariado. É normal que non se entenda algo cando se inicia unha responsabilidade sobre a que non se tivo experiencia, pero agora xa pasou un ano. O voluntariado non son camareiros para as festas. O voluntariado está rexido por unha lei, ninguén ten obriga de facer nada máis que aquelas cousas para as que se comprometeu, e polo tempo que se comprometeu. Estar inscrito como voluntario non lles pode supoñer ningún tipo de remuneración, pero tampouco custos.

Explica que segundo as súas noticias, a última reunión foi en maio. Di que cando estivo de responsable desa área nunca se meteu no que facían, porque eles eran autónomos no seu funcionamento, e había técnicos competentes, responsables, que levaban o tema adiante. O que está ocorrendo agora co voluntariado, que era unha das cousas máis bonitas e interesantes do concello, é que se está destruindo. Hai meses que dende o seu grupo lles están pedindo ás persoas coas que tiñan unha relación persoal estupenda, que non se marchen, que non o deixen, porque o voluntariado é máis importante que as circunstancias políticas ou que as persoas que están levando agora esa materia.

Conclúe que o voluntariado se está desmembrando, que non funciona, e que non se sente respecto pola xente. Dille a Sra. Tato que, como responsable da área, pode facer o que

queira, pero que vai ter sobre as súas costas destruír unha das institucións e un dos grupos humanos máis importantes que tiña este concello.

Dona Carmen Tato Lago responde que como o Sr. Iglesias acaba de recoñecer no seu discurso, o voluntariado de Cambre, aínda hoxe, segue sendo exemplar, e que respecto do Sr. Rafael Sánchez, deuse de baixa porque a ONG “Campos” que está a dirixir, estalle levando moito tempo e que agora lle sería imposible participar nos programas de voluntariado, e que, efectivamente, é unha persoa recoñecida no Concello de Cambre polo su labor social.

Respecto do tema das reunións, que segundo o voceiro do BNG non se fan dende maio, quérelle lembrar que a última reunión que se fixo foi coa educadora social que estaba encargada de levar o tema. Esa persoa cesou e, provisionalmente, está a levar o programa de voluntariado a coordinadora de Servizos Sociais.

Os voluntarios que se están chamando, están a acudir a calquera tipo de actividade ou programa que se lles demanda, e non están a ter ningún problema con eles. No tema das reunións, en Servizos Sociais constan as actas de todas as reunións que se fixeron, a diferenza do BNG que non teñen ningunha, porque non as facían. Parece ser que a anterior concelleira non se reunía con eles.

Continúa dicindo que o Sr. Ricardo Puertas era un referente para o voluntariado, e segue a selo, por iso non existiría ningún problema en que levase esa materia, pero está a levar outra serie de traballos que tamén realiza moi ben. Di que se requiriron os seus servizos no concello e non puido seguir levando o voluntariado. Manifesta que en Cambre non hai ningún problema con esta materia, polo que lle pide ao concelleiro do BNG que non o invente, porque o que está a facer é inventar e mentir.

Conclúe dicindo que as baixas que se están a producir son unhas veces por motivos de traslado, outras porque o traballo non lles permite realizar actos de voluntariado. Non ve o problema que ten o voluntariado de Cambre, están as mesmas persoas que cando estaba o BNG, facendo os seus cursos de iniciación e seguimento, están indo aos seus congresos, están facendo reunións cos Servizos Sociais, etc.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo recoñece que el fixo un discurso, pero que ese é o discurso que lle transmite a xente que está sufrindo unha situación que lle parece intolerable. Do que están falando é da actual época de goberno, non da

anterior, e o que está relatando é unha mostra moi pequena do que está ocorrendo. Dille a Sra. Carmen Tato que non sabe o que é o voluntariado, como non sabe o que son os servizos sociais, pero que ese é un problema fácil de solucionar, que o único que hai que ter é unha certa humildade, e gana de aprender cousas. A concelleira dispón dunha estrutura que ten técnicos perfectamente cualificados para levar as cousas. O que debe tentar é mellorar as cousas, pero como mínimo, tentar que non se estropeen.

Continúa dicindo que eles non ían ás reunións porque tiñan un funcionamento autónomo, e ás únicas reunións as que teñen ido foron ás reunións protocolarias, cando había algunha visita, o resto do tempo o traballo organizábano eles, os concelleiros o único que facían era dar o visto e praxe, pero non se inmiscuían no funcionamento interno dunha agrupación que ten que ter as súas regras de funcionamento propias, sen inmiscuirse politicamente os responsables, e iso parece ser que non é o que se está facendo agora.

Expón que se as cousas non cambian vai seguir traendo estes temas ao pleno, e cousas aínda máis concretas. É importante que hoxe estean presentes persoas do voluntariado, e que quede constancia na acta do que a Sra. concelleira di, porque van ter a oportunidade de difundir o que ambos din entre as persoas ás que está citando.

Conclúe dicindo que se está poñendo en perigo unha das mellores cousas que tiña este concello e que non a creou o BNG, que xa existía do goberno socialista anterior, pero que tiveron moito coidado de que iso non se deteriorara, de que mellorase e de que chegara a onde está agora.

Dona Carmen Tato Lago dille ao Sr. Iglesias que non se preocupe, que así vai seguir e que non vai desaparecer o voluntariado de Cambre.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9598 o día 26 de xullo de 2008 e ao núm. 9689 o día 28 de xullo de 2008.

1ª En varias ocasións tense presentado a cuestión de converter en espazo público e dar utilidade xeral a un lugar de grande importancia para o concello como é a Fraga de Cecebre, constantemente ameazada (ultimamente polo estudo de trazado do tren de alta velocidade).

Existe algún proxecto iniciado que poida permitir que o concello ou calquera outra administración pública adquira a propiedade?

De terse en marcha algunha actuación das mencionadas anteriormente, que utilidade se ten previsto dar ao espazo natural que constitúe a fraga?

O Sr. alcalde responde que dentro do Consorcio hai, para os dous vindeiros anos, 260.000 € para a compra da fraga. Unha vez que se aprobe a partida que hai de diñeiro van intentar entablar relacións coa familia propietaria, para ver o que piden por ela. Despois diso pensa que o mellor sería sacar un concurso de ideas ou ver entre todos os voceiros que se pode facer na fraga. Pero di que mentres non saiban se a familia está disposta a vender por ese diñeiro, ou se van ter que incluír máis nunha das partidas orzamentarias do concello, non pode concretar nada. As xestións comezarán en setembro para ver se do Proder dos dous vindeiros anos se pode sacar o diñeiro necesario para iso.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta se aínda non hai contacto cos donos para a adquisición.

O Sr. alcalde contesta que ata que non se confirmou no pleno de antonte a partida de 260.000 € a cargo do período 2009-2010, non se podía facer nada. A partir de agora comezarán a tratar con eles.

2ª Pode informarnos o goberno municipal do incidente producido o día 1 de xullo na estrada de Cambre ao Temple nas inmediacións dos accesos aos núcleos de poboación do Toural e Amil?

O Sr. alcalde contesta que foi o día 2 ás 13:00 horas. Un camiión moi grande levaba material para unhas casas que hai en Amil, o condutor non calculou ben e despois non sabía saír para atrás. Tiveron que remolcalo con outro camiión. Ao principio fixérono cun cable, pero non era o suficientemente forte e rompeu dúas veces, pero ao final saíu. O que si pasou é que se empotrou contra dunha chabola. Iso foi do que lle informou a Policía.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que lle preocupa bastante que rompera un cable na estrada Cambre-Temple, co tráfico paralizado, e con persoas diante da manobra que se estaba levando a cabo. Parécelle moi grave porque esa rotura podería ter ocasionado consecuencias irreparables.

Expón que hai que tomar medidas, porque por un camiño onde dificilmente pasa un vehículo non se pode permitir que pase un transporte de máis de dúas toneladas. Iso está prohibido. É un camiño por onde un camiión que pase tropeza polos dous lados, por un lado vai dar cun muro e polo outro lado cun tellado, ou entra nunha propiedade privada.

Sinala que todo isto é consecuencia do desastre urbanístico que se está a producir no concello. En moitos sitios estanse a facer obras cando só existe un camiño para bicicletas. Os accesos que hai actualmente en Amil non están capacitados para ningún tipo de transporte desas características. Os veciños son os que están sufrindo as consecuencias. Iso sen olvidar que había un garda presente cando rompeu por dúas veces o cable, un cable que tiña que ser dunha calidade superior. Podería ter golpeado ao garda ou a calquera persoa presente con graves consecuencias.

Neste tipo de cuestións hai que ter un pouco de precaución, e como dixo antes, non se pode construír en núcleos de poboación onde non hai accesos. Onde non se poden cruzar os coches. Se tiveran que cruzarse un coche de bombeiros cunha ambulancia non sería posible. Di que é unha situación que non se dá unicamente en Amil, que onte comprobou que no Paseo dos Templarios, os coches non teñen sitio para cruzarse, e iso que alí existen un montón de vivendas.

Conclúe dicindo que é a consecuencia do urbanismo desorganizado que se está a producir en Cambre dende hai moito tempo.

3ª Distintas comunidades de veciños do concello veñen queixándose da lentitude na concesión de licenzas de vaos, que teñen solicitados para os seus garaxes, nalgúns casos levan anos de demora cos expedientes paralizados para a súa concesión.

Cal é o motivo dos atrasos que están a padecer os veciños para conseguir a licenza?

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, aclara que dado que esta pregunta xa se contestou nas comisións informativas, foi polo que presentou a seguinte para substituíla.

4ª Con data 23 de xullo o xornal “La Voz de Galicia” publica un anuncio do concello para a selección dos grupos e orquestras que participarán nas festas de Cambre do 2008 co sistema de procedemento negociado, indicando que os interesados poderán obter información e consultar os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas na páxina web do concello.

- Poden explicarnos os responsables do goberno, por que aparece na páxina web o nome das orquestras no programa das festas, simultaneamente a publicación do anuncio para a súa contratación.

- Por que se publica o anuncio si están as orquestras contratadas.

- Que procedemento se aplicou para a contratación.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que é evidente que houbo un erro técnico, un erro de datas, e como concelleira responsable da área laméntao e ten que asumilo. Foi un absoluto erro.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que é evidente que o erro foi de gran calibre. Sembrouse a confusión entre a poboación de Cambre e de fóra de Cambre que tras ver o anuncio foi consultar as bases, e descubriu que o primeiro que aparecía na páxina web era a programación das festas de Cambre.

Por outra banda di que el pensa que este tipo de orquestras teñen que levar moito tempo contratadas.

Dona Erundina Prado Arcay di que non estaban contratadas, que estaban reservadas. Orquestras desta calidade contrátanse con dous anos de adianto, mediante un compromiso verbal, e chegado o momento é cando se fai a contratación.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que lle parece case unha tomadura de pelo. Pregunta que procedemento se utilizou para a contratación.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que un procedemento negociado, cunha cantidade determinada, e sabendo, por exemplo, que se interesa contratar á París de Noia, a empresa que se vai presentar é Litos, que é a que leva esa orquestra.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que non quere falar de nomes de orquestras, porque a cada un lle pode gustar unha, pero o que lle parece unha pasada é gastar esa cantidade de diñeiro nese tipo de orquestras.

Conclúe dicindo que o que é evidente é o erro que se cometeu. Que se pagou un anuncio que os veciños de Cambre non tiñan porque pagar. Esixe máis rigor nese tipo de xestións, porque se a eles lles esixen rigor nas cousas, el pide o mesmo para os responsables municipais.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que está de acordo niso.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia